



CLASSIQUES  
GARNIER

BREA (Mercedes), « “*manca da fol. 11 infino a fol. 43*” », *Revue d'études médiévales et de philologie romane*, n° 1, 2024 – 1, p. 127-146

DOI : [10.48611/isbn.978-2-406-16713-6.p.0127](https://doi.org/10.48611/isbn.978-2-406-16713-6.p.0127)

*La diffusion ou la divulgation de ce document et de son contenu via Internet ou tout autre moyen de communication ne sont pas autorisées hormis dans un cadre privé.*

© 2024. Classiques Garnier, Paris.  
Reproduction et traduction, même partielles, interdites.  
Tous droits réservés pour tous les pays.

BREA (Mercedes), « “*manca da fol. 11 infino a fol. 43*” »

RÉSUMÉ – Notre titre est une note laissée par Angelo Colocci dans le feuillet d’ouverture du Chansonnier de la Bibliothèque vaticane, Vat. Lat. 4803 (V). En dépit du consensus sur le fait que cette note vise à rendre compte de l’acéphalie de V, par rapport à son “jumeau” B (Chansonnier de la Bib. nat. du Portugal, cod. 10991), elle soulève des questions pour la plupart encore ouvertes. Nos réflexions reviennent sur la structure matérielle des deux codex et les possibles caractéristiques de l’*exemplar*.

MOTS-CLÉS – codicologie, poésie lyrique galaïco-portugaise, tradition manuscrite, philologie matérielle, humanisme italien

BREA (Mercedes), « “*manca da fol. 11 infino a fol. 43*” »

ABSTRACT – Our title comes from a note left by Angelo Colocci in the opening leaf of the *Cancioneiro da Vaticana*, Vat. Lat. 4803 (V). Despite the consensus or the fact that this note aims to draw attention to V’s acephaly, with regard to its “twin” B (*Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal*, cod. 10991), it raises questions that mostly remain unanswered. Our reflections concern the material structure of the two codices and the possible characteristics of the *exemplar*.

KEYWORDS – codicology, Galician-Portuguese lyrical poetry, manuscript tradition, material philology, Italian humanism

## «MANCA DA FOL. 11 INFINO A FOL. 43»

*A todos os nosos mestres neste menester,  
dos que nos queda aínda tanto que aprender*

O códice Vat. Lat. 4803 (Cancioneiro da Biblioteca Vaticana = V) ábrese cun folio en branco (non numerado) no que Colocci escribiu, na marxe superior, esa curiosa anotación que empregamos como título<sup>1</sup> e para a que, ata o momento, non parece haber unha explicación incontestable, pese a que, sobre todo, Tavani reflexionou sobre ela en repetidas ocasións porque a consideraba relevante para a súa defensa dun *stemma* da tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa que implicaba que B (Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal, cod. 10991) e V eran copia de dous cancioneiros diferentes.

Para D'Heur (que identifica <ij><sup>2</sup> cun 2):

*La note a légitimement intrigué. Quelle signification lui donner? L'hypothèse qui s'indique d'emblée est que l'original de V présentait en son début une importante lacune. Les premiers cahiers n'étaient pas disponibles, soit qu'ils fussent à ce point détériorés qu'il n'était plus possible de les transcrire (mais une détérioration sur une*

1 Esta contribución é un dos resultados acadados no proxecto de investigación PID2020-113491GB-I00, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación. A súa xénese está nunha reflexión compartida con Pilar Lorenzo Gradín cando estábamos preparando unha comunicación para o XXX Congreso internacional de Lingüística y Filología Románicas (La Laguna, 4-9 de julio de 2022), actualmente no prelo, e debe moito do seu contido ás suxerencias e comentarios tanto da Profª Lorenzo Gradín como de Antonio Fernández Guiadanes e Carmen de Santiago. – Pese a que algúns estudosos posteriores interpretaron <ij> como un 2, xa Monaci (1875, p. viii) recofrecera que se tratava dun 11. Tavani autocorríxese nun traballo tardío, argumentando que así é «come risulta da vari autografi collociani, in cui, tra l'altro, non vengono mai mescolate, nella stessa serie, cifre romane e cifre arabe» (Tavani, 2008, p. 308, n. 1).

2 Colocamos sempre entre ángulos (<>) os números de folio do *Libro di portughesi* para distinguilos claramente dos referidos a B e V.

*pareille épaisseur serait surprenante et nous est difficile à imaginer), soit qu'ils aient été détachés ou arrachés* (D'Heur, 1974, p. 4-5).

Na súa argumentación, D'Heur considera que, se non se menciona o fº1, é probablemente porque nel estaban copiados os *Lais de Bretanha* e Colocci decidira non reproducilos aquí, dado que xa os fixera copiar no códice Vat. Lat. 7182, folios 276rº-278rº (= L)<sup>3</sup>. Trata logo de indagar se sería posible que neses folios entrase a lagoa inicial que presenta V cando se compara con B (390 composicións<sup>4</sup>):

*Comment mesurer exactement la lacune du début? Si nous considérons que le mot de <fol[io]> utilisé par Colocci a bien le sens que nous réservons aujourd'hui à ce mot (par opposition à page), il manquerait donc, en tête de V, la <valeur> de 43 folios. La concordance des chansonniers galicien-portugais révèle un parallèle étroit entre V et B. Or, la première pièce conservée de V [...] correspond à la pièce à laquelle Colocci a donné dans B le n° 391. Compte tenu du format de V, de l'écriture du copiste et de la manière dont il dispose les pièces de son original, quatre centaines de pièces n'auraient matériellement pu tenir en 43 folios. Il y faut le double: c'est ainsi que la pièce 390 de B prend place au 88<sup>e</sup> folio de ce chansonnier* (D'Heur, 1974, p. 5).

Despois de revisar moi atinadamente os números que remiten ao antecedente tanto en B como en V, e de chamar a atención sobre as cifras romanas que figuran nos primeiros folios de V, que supón que poden responder a unha numeración antiga presente no orixinal de V, fai unha proposta que, de entrada, non parece desatinada: se faría falta o dobre de folios para copiar esas 390 cantigas, non deixa de ser curioso que o dobre de 43 sexa exactamente 86, e «*n'est-il pas troublant de constater que la foliotation que nous présumons être celle de l'original de V commence justement avec le chiffre de LXXXVI (cf. le f. 1<sup>v</sup> de V)?*» (D'Heur, 1974, p. 12). A coincidencia é certamente curiosa, pero, por moito que Colocci puidese ter pensado que esos números remitían a páxinas, e dividise o número total por dous para convertelos en folios

3 Sobre a tradición manuscrita dos *Lais*, en particular sobre a relación entre as copias presentes en B e en L, cf. especialmente Pellegrini (1929), Ferrari (1993, p. 377-378), e, más recentemente, Arbor (2010).

4 Lémbrese que unha parte delas (da 9 á 36) desapareceron tamén de B despois de que Colocci as numerase e confeccionase a *Tavola Colocciana* (C), onde queda rexistrado a qué trabadores correspondían.

5 Aínda que máis tarde defendería que B e V son copias dun mesmo orixinal, neste artigo D'Heur aínda traballa coa hipótese de que poidan existir dous *exemplares* diferentes.

(que parece ser o que di D'Heur)<sup>6</sup>, só cambiaría a situación en canto que faría coincidir o dobre de 43 co número romano presente no *verso* do primeiro folio de V, pero o número total de folios non variaría, polo que seguiría sendo insuficiente para conter todos os textos presentes en B nesta zona e ausentes en V; talvez tería máis sentido supoñer que o que estaba numerado eran bifolios (o que si daría 86 folios)<sup>7</sup>. Non obstante, a primeira obxección que cómpre facer a estas hipóteses é que a lagoa sinalada por Colocci non contén 43 folios senón 33; e tampouco conseguimos dar con ningún indicio de que o humanista iesino estivese pensando en bifolios en lugar de en folios.

No último traballo no que se ocupa especificamente deste problema<sup>8</sup>, Tavani reflexiona unha vez máis sobre a apostila colocciana, deténdose tamén na nota *Desunt* que Colocci deixou no fº3vº de Vº, e, como D'Heur, presta atención ás referencias numéricas – tanto en cifras romanas como arábigas – presentes en V, pero busca a súa equivalencia nos folios correspondentes de B<sup>10</sup>; é dicir, establece unha comparación directa

- 
- 6 «Colocci a fait une estimation de la lacune, et il aura commis l'opération inverse de la nôtre, divisant par mécompte, puisqu'à chaque folio correspondent deux pages d'écriture, 86 par deux» (D'Heur, 1974, p. 12-13).
- 7 Un pouco máis adiante, D'Heur (1974, 13) aclara: «Pour nous il y faut 43 feuillets, c'est-à-dire 86 folios».
- 8 Se ben previamente admite que a súa opinión é «sempre revocabile di fronte ad altra più convincente spiegazione» (Tavani, 2008, p. 311), o estudoso italiano acaba concluíndo a súa análise de forma taxativa, afirmando «che resta confermata la mia antica ipotesi secondo la quale V e B hanno antecedenti diversi, e che pertanto non derivano entrambi da un unico esemplar, come si tende a ripetere ormai da anni» (*ibid.*, p. 314). Para el, a razón de que Colocci dispuxese de dous apógrafos da lírica galego-portuguesa podería residir en que V foi o primeiro cancionero que fixo copiar, e sobre o que logo traballou en dúas fases: «in un primo momento lo ha collazionato con un codice 'altro' rilevando le carenze del canzoniere da lui già fatto trascrivere; in un secondo momento, fatta eseguire una copia di quest'altro codice (l'attuale B), su questa copia esegue una seconda collazione per stabilire le corrispondenze tra i due manoscritti ora in suo possesso e verificarne analogie e diversità» (*ibid.*, p. 313).
- 9 Pese ao lugar en que está escrita a observación, Tavani (2008, p. 310-311) advirte claramente que a carencia sinalada non fai referencia inmediata a *Joan Rodriguez, vejo-vos queixar* – lémbrese que ese íncipit figura na última liña do fº105vº de B (B478), que os versos restantes da primeira estrofa non están en ningún dos apógrafos, e que V contén as estrofas II e III (V61) na col. a do fº3vº –, senón que abarca 27 textos (B454-B477, secuencia que inclúe tres cantigas non numeradas: B468<sup>bis</sup>, B471<sup>bis</sup> e B474<sup>bis</sup>), ausentes, en efecto, en V (o fº3rº contén só tres versos – a finda de V60 – no inicio da col. a; o resto está en branco, como se o copista rematase de copiar aí un caderno – ou un folio – do orixinal).
- 10 Parte da suposición de que nalgúns casos Molteni, ao numerar os folios de B, modificou as cifras escritas previamente por Colocci, sen decatarse de que Colocci, en B, só tivo

entre V e B<sup>11</sup>, que o leva a considerar que «*Colocci ha collazionato il suo V con un canzoniere più completo, che non può essere B* ma che potrebbe essere stato l'esemplare di B» (Tavani 2008, p. 311; o resaltado é noso). Aínda así, resístese a admitir un modelo común a ambos os dous apógrafos, sen deixar claro por qué exclúe esa posibilidade para establecer unha relación de consecuencia co que acaba de expoñer: «*e che dunque V è copia di un canzoniere diverso sia da B che dall'antecedente di questo*» (*ibidem*).

Nos últimos anos, varios investigadores (conxuntamente, nalgúns casos; de forma independente, noutrous)<sup>12</sup> estanse ocupando tanto da estrutura material de B e V como dos indicios que estes manuscritos ofrecen sobre cómo podía ser aquel *Libro di portughesi* que Colocci localizou en Roma e do que encargou esas dúas copias, probablemente na segunda década do s. XVI<sup>13</sup>. As interrogantes abertas seguen sendo moitas<sup>14</sup>, pero, entre

---

interese en numerar as composicións e que esas cifras (<89> no fº87rº, por exemplo) que el considera debidas á ordenación dos folios neste cancioneiro son, en realidade, remisións aos folios do antígrafo.

- 11 Non obstante, non lle queda máis remedio que admitir que «*Non tutte le postille numeriche sembrano però riferirsi alla collazione eseguita su B*» (Tavani 2008, p. 313), en particular que no fº3rº [hai unha errata no texto, pois cita o fº3vº, pero no cadro incluído entre as p. 311 e 312 figura correctamente que se trata do *recto*] de V está escrito con trazos ben marcados o nº <87> debaixo de <fol. 91> (onde o <91> é case ilexible, como se houbese intención de cancelalo), e que, tanto nese folio como nos seguintes, as cifras romanas non teñen correspondencia en B («*o almeno a me non è riuscito di individuarle*», *ibid.*). Aínda que non poidamos deternos aquí nesta cuestión, é innegable que se produciron varios errores tanto na reproducción como na adaptación a algarismos arábigos de varias cifras romanas (Brea, 2022; Brea / Lorenzo Gradín, *no prelo*), pero Tavani non os analizou porque partía do presupuesto errado de que Colocci colacionaba V con B e non co antecedente común, se ben deixa aberta unha posibilidade que podería facerlle pensar: «*Si tratterà anche in questi casi di collazione con l'antecedente di B? Non saprei rispondere*». (Tavani, 2008, p. 313).
- 12 En particular, Barberini (2022; 2023a e 2023b); Brea (2022 e 2023); Brea / Lorenzo Gradín (*no prelo*); Fernández Guiadanes (2012 e 2016); Marcenaro (2016); Monteagudo (2020 e 2023).
- 13 Ademais do clásico e fundamental estudio de Ferrari (1979) sobre B, para entender o traballo de Colocci e as peripecias dese códice ao que tivo acceso durante un tempo, véxanse varios dos traballos recollidos en Gonçalves (2016), en particular Gonçalves (1986; 1993 e 2007).
- 14 Un dos máis interesantes ten que ver co esclarecemento do sistema establecido por Colocci para obter as dúas reproducións, que, sen dúbida, foron realizadas na Curia romana (como se deduce das filigranas identificables nos folios, do feito de que o copista de V interveña en moitos manuscritos alí producidos, etc.), pero só podemos facer conjecturas sobre as condicións en que se levaron a cabo. Cabe mesmo a posibilidade de que «*Colocci non abbia mai avuto a sua esclusiva e personale disposizione il canzoniere-modello, e che gliene fosse accessibile la consultazione solo in Curia, dove il manoscritto poteva trovarsi anche solo di passaggio*» (Ferrari, 1979, p. 89).

todos, imos dispoñendo de elementos de xuízo que agora nos permiten facer algunas consideracións co único obxectivo de dar algunas voltas ao que pode agochar esa anotación inicial de V. Descoñecemos en qué momento do proceso de ordenación dos materiais de que dispoña para a confección de V se decatou Colocci de que lle faltaba a reprodución dos folios 11 a 43 do antecedente, pero si podemos saber o que contiñan esos folios, gracias ás indicacións fornecidas por B e, para as composicións perdidas deste apógrafo, pola *Tavola Colocciana (C)*<sup>15</sup>.

O primeiro caderno de B (un quinión)<sup>16</sup> contén a *Arte de trobar*<sup>17</sup>, que no orixinal ocuparía os nove primeiros folios (probablemente deteriorados ou fragmentados), dos que quizais non considerase necesario intentar obter unha nova copia (no caso de que xa dispuxese da de B, iniciada por el e continuada polo copista a). O segundo (da man b)<sup>18</sup> principia cos *Lais de Bretaña*<sup>19</sup>, que o humanista numera do 1 ao 5. Este folio (10, en

15 Para todo o relativo a este índice de B, cf. Gonçalves (1976).

16 As características peculiares do fascículo están explicadas en Ferrari (1979, p. 92-93), que lembra tamén que o fº1rº foi aproveitado por Colocci para facer unha serie de anotacións relativas ao cancionero provenzal M (Ferrari, 1979, p. 55-62; a súa análise foi amplificada por Barberini, 2019).

17 Para esta, cf. D'Heur (1975) e Tavani (1999).

18 «Attualmente binione, ma originariamente quinione come dimostra la numerazione colocciana d'inizio fascicolo, per fortuna regolarmente presente in questo settore del codice: infatti, la c. 10 reca la numerazione colocciana 10 e la c. 14 (= prima del fascicolo seguente) reca la numerazione colocciana 20: vale a dire che tra l'attuale c. 10 e l'attuale c. 14 intercorreva un regolare quinione. Ciò vale naturalmente nell'ipotesi, a mio avviso plausibile per quanto ancora da documentare, che la numerazione colocciana d'inizio fascicolo sia autonoma (rispondente ad una programmazione poi disattesa e non necessariamente riferita al modello)» (Ferrari, 1979, p. 94). A reconstrucción de Ferrari ten moitos visos de ser correcta, se ben non tanto polo motivo que alude (como comentamos más abaxo) como porque se perderon os folios que contiñan as cantigas 9-36, que poderían ocupar tres bifolios centrais, escritos total ou parcialmente: 28 composicións poden entrar en menos de seis folios de B, pero convén ter presente que as pezas desta primeira parte do cancionero son, en xeral, máis extensas do que a media (de feito, nos seis folios seguintes – 14-19 – poden verse case 32 cantigas, pero débese a que B42 e B43 só ofrecen unha estrofa cada unha). Os folios correspondentes ao 10 e o 11, actualmente 12 e 13, están en branco, o que parece indicar ou que non foi ben calculado o espazo necesario ou que había xa algúnya lagoa no orixinal.

19 E parece claro que non debía de haber nada entre a *Arte* e os *Lais*, posto que, na parte final da col. a do fº4vº, despois do *finis* que remata o tratado, Colocci transcribe unha *razo* que di: «Esta cantiga é a primeira que achamos que foi feita, e fezeron quatro donzelas en tempo de rei Artur a Maraot d'Irlanda por la ... e tornamola en lenguajem palavra per palavra, e diz as[s]li; O Maraot mal grado». Os folios 5 a 9 de B están en branco (na marxe dereita do 9vº hai anotacións relativas ao fº10rº). Pola súa parte, o fº10rº permite comprobar que, en realidade, a rúbrica reproducida polo humanista corresponde ao inicio do segundo *Lai* («Esta cantiga fezeron quattro donzelas a Maraot d'Irlanda en tempo de

*B*) leva, ademais da numeración de Molteni na marxe superior dereita, outro <10> na marxe superior esquerda<sup>20</sup>, que, se as nosas suposicións (Brea / Lorenzo Gradín, *no prelo*) son correctas, era o sistema empregado por Colocci para indicar aos amanuenses en qué folio do antecedente debían comezar o seu traballo<sup>21</sup>; dado que se perderon probablemente

---

rei Artur [...]; o dato non pasou desapercibido a Colocci, posto que ao final da col. a do fº4vº anotou «*vide infra*», para vinculalo ao «*vide supra*» que figura na marxe dereita do fº10rº, á altura da primeira liña desta *razo*), porque o primeiro vai precedido dunha *razo* diferente («Este lais fez Elis o Baço [...].»). Como é lóxico, a orde dos *Lais* en *B* é a que figura en *C* (Vat. lat. 3217, fº300rº), polo que chama a atención que no fº4vº se diga do segundo que «*Esta cantiga é a primeira que achamos que foi feita*» (e tamén a referencia a que foi traducida de maneira literal). Para unha explicación plausible sobre estas discrepancias, cf. Lorenzo Gradín (2008, p. 416-421), que achega así mesmo algunha reflexión adicional ás de Ferrari sobre o caderno 1 de *B*.

- 20 A coincidencia levou a Ferrari (1979, p. 94) a interpretar que a cifra da esquerda, de man de Colocci, estaba a indicar o número que lle correspondía ao folio en *B*, pero non temos constancia de ningún tipo de que Colocci pretendese numerar os folios de *B* (si o facía, no interior dos cadernos que transcribía, o copista *d*, empregando case imperceptibles barras verticais e pequenas cifras romanas: Ferrari, 1979, p. 103), senón só as cantigas, dato sobre o que establece o índice do cancioneiro (*C*). A sucesión de cadernos estaba asegurada tanto polas letras que os identifican como polos reclamos de fin de fascículo.
- 21 Partindo do suposto, comunmente aceptado, de que Colocci distribuíu o *Libro di portughesi* (estivese debidamente encadernado ou tivese outro aspecto material) en paquetes de traballo que identificamos convencionalmente como *pecie* (aínda que Ferrari advirte que sería prudente facelo «*in senso lato, o meglio riconoscere qui un esempio di quel ad fragmenta scribere che una significativa testimonianza umanistica oppone allo scrivere ad uolumina*»: Ferrari, 1979, p. 87), para permitir que puidesen reproducilo simultaneamente varios copistas, e, logo de analizar en detalle os inicios de fascículo de *B* que levan esa indicación precisa (23, dun total de 41; hai unha indicación adicional – ao fº <224> do modelo, no fº258rº de *B* –, pero non se encontra en inicio de caderno, senón na marxe dereita, á altura da liña 19), así como as mans que interveñen na reproducción do texto, chegamos á conclusión de que o que facía o humanista era guiarse polo número do folio que daba inicio a cada un dos encargos (que en ocasións se corresponden cun único fascículo de *B*, pero noutras abarcan dous ou máis) e anotalo na marxe superior esquerda do primeiro folio do feixe de papel en branco que entregaba aos amanuenses de *B*, de maneira que non se producisen interferencias entre eles que conlevasen ben repeticións ben ausencias textuais. Cambiaría pouco esta hipótese a posibilidade – xa apuntada por Ferrari – de que non sexa necesario sequera «*pensare ad un exemplar fisicamente sciolto nei suoi fascicoli: si può anche pensare ad un esemplare integro, sul quale, a mo' di "pecia", si avvicendavano i diversi copisti (a turni si direbbe piuttosto occasionali che programmati)*» (Ferrari, 1979, p. 88). De similar parecer é Barberini (que considera – poida que con acerto – que, polo menos nos cadernos 2 a 10, que son os que analiza, cada *pecia* correspondía a un caderno do antígrafo, e que «*l'esecuzione di ciascun dittico (fascicolo di grande formato + fascicolo supplementare) è affidata sempre allo stesso copista*», Barberini, 2023b, p. 1109); se nos traballos anteriores non precisaba se Colocci procedeu a escribir esas cifras no acto de encargo ou unha vez que os amanuenses lle tiñan entregado o traballo rematado («*Se invece si identificano queste cifre come l'indicazione della*

os tres bifolios internos do fascículo, o único dato contrastable é que a última cantiga copiada neste caderno era a 36.

O fascículo 3 de *B* (Ferrari, 1979, p. 95), da man *c*, abarca os folios 14-23, e o primeiro deles remite ao fº <20> do exemplar. O seguinte (4), no que interveñen varias mans (*ibidem*, p. 96), empeza no fº 24 de *B*, que sinala o <32> do modelo, e remata no fº 35 (que ten o *recto* en branco); a ausencia de remisión explícita a un folio do antecedente no inicio do caderno 5, que comprende os folios 36-38, indica que forma parte da mesma *pecia* que o fascículo precedente<sup>22</sup>; non obstante, este caderno ofrece unha serie de particularidades<sup>23</sup>, atentamente analizadas por Ferrari (1979, p. 97-102), que deron lugar a interrogantes das que se ocuparon, en particular, Gonçalves (2016 [1983], p. 91-95) e Barberini (2023a). Non imos repetir en detalle as argumentacións destes dous estudosos, pero consideramos preciso lembrar algúns dos elementos que poñen de manifesto, porque talvez resulten relevantes para o asunto que nos ocupa.

---

*prima carta della pecia (vale a dire, del fascicolo) consegnata a ciascun copista, il numero annotato da Colocci svolgerebbe la duplice funzione di associare inequivocabilmente pecia dell'exemplar e corrispondente fascicolo di B e di consentire, pertanto, all'umanista un rapido controllo a campione in una qualunque sezione dei due codici»* Barberini, 2022, p. 43), nunha das súas contribucións más recentes xa manifesta claramente que «*Colocci annotò sulla prima carta dei fascicoli regolarì le cifre che rinviano all'exemplar, non al momento di riordinare i materiali, bensì quando predispose i quaderni per consegnarli ai copisti»* (Barberini, 2023b, p. 1109).

- 22 Se ben por vías diferentes, chegamos á mesma conclusión que Barberini de que «*la pecia corrispondente agli attuali fascicoli 4-5 di B (ff. 24-35 + ff. 36-38) = pecia A, occupava, nell'exemplar, le dodici carte comprese tra f. 32\* e f. 43\**» (Barberini, 2023a, p. 13). Ténase en conta que, prestando atención ao cadre que figura en Barberini (2023b, p. 1110), o que aquí denomina “pecia A” corresponde, en realidade, á que sería a cuarta do modelo (ou a terceira, se non temos en conta o caderno que contén a fragmentaria *Arte de trobar*). Do que non temos a certeza é de que constituíse «*un seniore regolare*», habida conta dos problemas que presentan os actuais folios 36-38 de *B*, a non ser admitindo (como parece facer Barberini) que esa podería ser a situación orixinal do código (non alcanzamos, con todo, a comprender debidamente o proceso de deterioro), pero que, cando Colocci encargou a copia en *B*, «*il terzino esterno della pecia A doveva ormai essere ridotto a sei fogli sciolti (ff. 32\*, 33\*, 34\*, all'inizio del fascicolo, e ff. 41\*, 42\*, 43\*, alla fine)*» (Barberini, 2023a, p. 14).
- 23 Entre elas, o feito de que «*il talloncino omologo alla c. 36 (residuo del medesimo foglio) è sensibilmente più largo degli altri due, omologhi alle cc. 37-38, e reca sul recto, nella posizione abituale (in alto a sinistra) la numerazione colocciana 32. Appare evidente che chi ha tagliato via le tre carte, e cioè chi ha curato la fascicolazione del codice (presumibilmente lo stesso Colocci, dato che le lettere di registrazione e i richiami sono di suo pugno), ha lasciato un lembo più largo proprio per conservare quel numero, cui dunque annetteva qualche utilità. Il 32 è d'altra parte duplicato dell'identico numero regolarmente presente alla c. 24 che inizia il fasc. 4*» (Ferrari, 1979, p. 98).

Gonçalves considera que o fascículo 5 de *B* está, en realidade, conformado por tres folios de diversas procedencias: o 36, que estaría destinado a unirse ao caderno 4<sup>24</sup>, e que no verso contén unicamente os tres últimos versos da estrofa IV dunha tenzón entre Martin Soarez e Pai Soarez de Taveirós, así como a primeira das dúas findas que cabería agardar para ese debate literario. O resto desa cara está en branco, pero contén na marxe inferior dereita dous reclamos que poden ser indicios de problemas de estruturación da copia, posto que Colocci anotou primeiro «A mha senhor a / tanto» (que envía ao comezo do caderno 11), e logo riscouno para escribir enriba «cuidaua», que si corresponde a B145, presente na col. b do fº37rº. Os dous folios restantes (37 e 38<sup>25</sup>), pola súa banda, foron cortados do primitivo caderno 14, segundo Gonçalves para non romper a continuidade entre a producción de Afonso X e a de D. Denis, se ben non se lle escapa que «*on pourrait faire l'hypothèse que l'humaniste a voulu imiter la structure de l'exemplar de B*» (Gonçalves, 2016 [1983], p. 95).

Barberini parte das observacións de Gonçalves, tendo presente o exame realizado por Ferrari, e formula varias obxecións de detalle no relativo á aparente decisión persoal de Colocci de cambiar de lugar eses dous folios. Entre outras cousas, revisa algunas das anotacións presentes no fº. 303rº de *B*, introducindo matices cos que, en liñas xerais, concordamos<sup>26</sup>, e

- 
- 24 Unha proba disto podería ser a presenza do xa mencionado «*lambeau résiduaire portant la numérotation 32 écrite par Colocci*» (Gonçalves, 2016 [1983], p. 91). Ademais, na marxe inferior dereita do fº35vº figura o reclamo (de man colocciana) «pero non fui», que indica que a composición seguinte debe ser B143, *Pero non fui a Ultramar*, que a rúbrica explicativa que a precede atribúe a Martin Soarez. Sorprende un tanto a inclusión dunha cantiga de escarnio de Martin Soarez (B143) entre as composicións atribuidas a Pero Velho e a tenzón que o propio Martin Soarez mantén con Pai Soarez, e que dá inicio á sección de cantigas de amor deste trobador. En calquera caso, e afinal admitindo que «*nulla garantirebbe – stante proprio le oggettive perturbazioni materiali che si osservano nella messa in opera del fascicolo 5 di B – né che B143-B144 figuravano in questa posizione nell'exemplar, né che l'attuale collocazione sia opera di trasposizione colocciana*» (Barberini, 2023a, p. 7), non pensamos que se poida atribuír a unha decisión de Colocci, senón máis ben ao feito de que esta parte do *Libro di portughesi* presentaba problemas materiais dalgun tipo, que podían mesmo ser debidos ao propio proceso de compilación, de maneira que B143 e B144 fosen as únicas composicións presentes nun folio solto que, cando se puxeron en orde os materiais, acabou situado fóra do lugar que lle correspondería, possiblemente como folio <42> (neste caso, as cantigas de Pai Soarez conformarían o folio <43>).
- 25 O fº38vº está en branco, e vai seguido de tres folios cortados; no último destes é onde pode verse esa (duplicada, porque xa estaba no fº24rº) referencia ao folio <32> do modelo.
- 26 Non é este o lugar para explicar pequenas discrepancias, pero si para manifestar que non podemos concordar coa hipótese (xa exposta por Ferrari, 1979, que, non obstante,

establece una confrontación coa posición que ocupan no Cancioneiro da Ajuda (A) as pezas de Pai Soarez de Taveirós. Tanto Ferrari (1979, p. 69) como Gonçalves (1999, p. 420) aluden á posibilidade de que eses textos figurasesen nun folio solto e houbese algún deterioro físico no exemplar, polo que a súa situación no *Libro di portughesi* podería ser explicada dalgún xeito – como indica tamén Barberini (2023a, p. 5) – como «stracciata<sup>27</sup>» nas notas do fº303rº de B relativas a <41> e <42>; de feito, Barberini admite que «Non escluderei, inoltre, che le annotazioni foll. 41, 42 e 43 costituiscano un unico blocco e che, di conseguenza, la loro interpretazione debba essere unitaria» (*ibidem*). Cabería pensar que eran tres folios soltos no antecedente e que contivesen, respectivamente, as cantigas de Pero Velho B140-B142<sup>28</sup> (<41>), Martin Soarez B143 e B144<sup>29</sup> (<42>) e Pai Soarez B145-B149? Ou era outra a distribución e polo menos un deles contiña, por exemplo, as catro cantigas de amor de Pai Soarez que só transmitiu A (A36-A39), como supón Barberini (2023a, p. 15)? A observación de «stracciata» podería dar conta desa situación de folios soltos, pero tamén quizais incompletos ou deteriorados, e/ou – en particular no caso de Martin Soarez – colocados fóra de lugar.

Resulta obvio que o fascículo 5 de B pode dar áinda lugar a novas hipóteses de traballo, sobre todo partindo do cúmulo de datos e propostas achegados recentemente por Barberini (2023a), pero o que nos move nesta ocasión é esa observación colocciana de que faltan os folios <11> a <43> do (na nosa proposta) antecedente. En efecto, eses folios non figuran en V e posiblemente non se trate dunha perda da copia,

---

manifesta algunha dúbida ao respecto) de que os folios aos que remiten esas notas sexan os do propio B, non só porque parecen encaixar debidamente cos números de folio do antecedente senón tamén porque Colocci en ningún momento mostrou interese por numerar os folios de B (sí, en cambio, o fixo cos de V), copia na que preferiu numerar as cantigas e utilizar esas cifras para elaborar o seu índice (C) deste apógrafo.

27 Ferrari (1979, p. 69) apunta dous posibles significados para esta apostila: ou se refire a que os bifolios están cortados e carecen, polo tanto, dos respectivos homólogos, ou ben «l'annotazione starebbe a segnalare un guasto fisico in questa zona del modello, forse addirittura la presenza di fogli volanti, responsabile sia della faticosa messa in opera delle carte corrispondenti in B (inserimento dei componimenti di MartSrz [Tavani, Rep., 97,2 e 28] e PaySrzTav; cf. infra), sia dell'assenza in B dei quattro componimenti che si trovano invece a questo punto in A (Tavani, Rep., 97,7, 18, 20 e 41), sia infine della stessa nota 43 di questa carta» (a nota relativa ao fº <43> di «Meus olhos et ibi argumentum imperfectum», pero non podemos detérmonos aquí nas explicacións que a concirnen).

28 Lémbrese que B142 é unha tenzón entre Pero Velho e o seu irmán, Pai Soarez de Taveirós.

29 Esta, á súa vez, unha tenzón entre Martin Soarez e Pai Soarez.

senón de que o amanuense non chegou a telos á súa disposición para trasladalos a este cancionero. Pero tamén é evidente que non son eses os únicos folios presentes en *B* e ausentes en *V*<sup>30</sup>; polo tanto, por qué Colocci se refire só a eles? A pregunta pode estar relacionada con outra: en qué momento, durante o proceso de reproducción do *Libro di portughesi* aos dous apógrafos, cae na conta desa ‘perda’ e a rexistra como tal? Ademais, «*manca*» parece utilizalo noutras ocasións (igual que as formas latinas *deest / desunt*) para indicar que algo non foi copiado<sup>31</sup>, pero talvez podía significar tamén que se perderan eses folios do orixinal (e que, precisamente por iso, non foron trasladados a *V*).

En calquera caso, o exame de *B* lévanos a pensar que a falta denunciada corresponde a tres paquetes de traballo, que coinciden, respectivamente, co caderno 2 de *B* (man *b*), co 3 (man *c*) e coa suma dos actuais 4 e 5, porque o fascículo 6 de *B* ábrese coa remisión (na marxe superior esquerda do fº39rº) ao fº <44> do modelo. O primeiro folio do caderno 2 traslada o folio <10>, que contiña os *Lais de Bretaña*, pero – sempre no terreo das hipóteses – cabe imaxinar que, advertindo que se trata dun tipo de textos peculiar, quizais decidira non incluílos en *V*<sup>32</sup>, senón conservalos – ademais de en *B* – nunha copia independente (a que se encontra nos folios 276rº-278rº do Vat. lat. 7182)<sup>33</sup>. Se así fose, podería ser que, unha vez copiada toda a *pecia* en *B*, a entregase completa a un amanuense diferente para que reproducise únicamente o contido do folio <10> e que, unha vez realizado este traballo, se traspapelase todo o conxunto e por iso non chegase a ser copiado en *V*; ou, se cadra, o fº <10> era un folio solto, ou foi separado do resto, e entregárao á persoa á que encomendara esa copia, sen que – polas razóns que sexa – chegasen a estar ao alcance do copista de *V* os folios <11> a <13>. A *pecia* que coincide co caderno 3 de *B* non amosa máis anomalías aparentes

30 Falta xustamente (agás o caderno 11, do que só faltaría en *V* o primeiro folio) o material que en *B* ocupaba os fascículos dos que resume nun cadro os datos fundamentais Barberini (2023b, p. 1110).

31 Basta con volver de novo a vista ao fº303rº de *B*, que comeza con «*fol 14 manca, fa scrivere*», o que quere dicir que controlara que en *B* non se copiara (total ou parcialmente) o fº14 do *Libro di portughesi*, porque ten ese folio diante dos ollos e comprobou que non se trasladara a *B*. Non podemos saber se esa lagoa chegou a encherse, porque, fose cal fose o contido do folio en cuestión, forma parte da perda inicial de *B* entre B8, que quedou incompleta, e B37, que inicia o actual fº14 de *B* (correspondente ao <20> do antecedente).

32 De aí que só lle interesase a carencia de folios a partir do <11>.

33 Lémbrese que esta idea xa foi exposta por D'Heur (*cf. supra*).

que a rexistrada<sup>34</sup> por Colocci no fº303rº de *B*, «[fol] 21 *frag. interposta*», que parece coincidir coa alteración de orde experimentada (no fº15rº, col. b) por B42 e B43, erro corrixido polo humanista colocando a letra *b* ao lado de B43 e, a seguir, a letra *a* a carón de B42<sup>35</sup>. Non temos ningunha hipótese sobre o motivo polo que esta parte do antígrafo non chegou tampouco a *V*, sobre todo porque nin sequera o seu traslado a *B* foi responsabilidade do mesmo copista que a anterior<sup>36</sup>. O terceiro bloque afectado ofrece, como foi sinalado, os seus propios problemas en *B*, que poderían estar translucindo problemas materiais do exemplar e que talvez provocaron novas dislocacións no proceso de copia, polo que Colocci debeu de ter serias dificultades para reordenar *B* respectando a disposición orixinal, que podería estar trastocada cando lle foron devoltos os folios do modelo, polo que é posible que a única ‘guía’ fiable que lle quedase fose a numeración dos folios deste, que supoñemos que figuraría en cifras romanas na marxe superior, pero que non podemos saber se se conservaban completas e claras en todos os casos.

Todo o anterior serve de pretexto para formular outra suposición, se cabe máis arriscada que as anteriores, pero que non ten máis pretensión que ofrecer un novo elemento de reflexión a quen se interesa por estes problemas. Barberini (2023a) esboza unha serie complexa de hipóteses tendentes a explicar a configuración dos cadernos 4+5 de *B*, e unha das últimas, de ser correcta, podería axudar a entender por qué Colocci non chama a atención sobre os folios posteriores ao <43> que tamén (e ata o <88>) están ausentes de *V*:

*Per quanto riguarda il breve ciclo di Martin Soares B143-B144, è evidente, sulla base di quanto discusso fin ora, che le due cantigas dovevano essere copiate, nell'exemplar, nell'ultimo foglio della pecia A (Figure 5 e 7-8; f. 43\*). La consistenza dei due componimenti non era però sufficiente per riempire un intero foglio (circostanza che, nemmeno in questo caso, si verifica in B, dove rimane in bianco quasi per intero il verso di f. 36). Se come si è detto, però, le due cantigas sono il risultato di un'aggiunta*

34 Advírtase que, coma noutrous casos, logo riscou esta observación, como dando conta de que fora corrixido o erro.

35 A primeira parte da nota (*frag*) está, posiblemente, sinalando que esas dúas composicións están incompletas (por algún problema no modelo?), como, por outra parte, indica tamén a *crux* na marxe dereita do folio, á altura da última liña de B43.

36 Tampouco podemos asegurar que cada un dos amanuenses que intervñeron en *B* realizase o seu traballo seguindo a orde que os folios tiñan no orixinal. Dito doutro modo, poida que o copista *c* tivese da súa man esta *pecia* porque non puidese comezar o seu labor, ou porque o iniciara por outros lugares e esta parte a tivese áinda pendente.

*successiva, non escluderei che, nella confezione dell'exemplar, l'ultima carta della pecia A fosse inizialmente rimasta in bianco e che, soprattutto più tardi le cantigas B143-B144, il compilatore (o il copista) dell'exemplar le abbia collocate lì approfittando dello spazio rimasto inutilizzato tra la fine della sezione di Pai Soarez e l'inizio di quella di Martin Soares, aggiungendo contestualmente anche le due rubriche esplicative* (Barberini, 2023a, p. 15-16).

Se así fose e o fº <43> contivese a cantiga de escarnio de Martín Soarez (B143) e a tenzón que mantén con Pai Soarez (B144), isto querería decir, por unha parte, que a súa colocación antes do folio e medio con pezas de Pai Soarez (B145-B150) foi levada a cabo por Colocci nun momento do arduo proceso de reconstrucción desta *pecia*, antes – loxicamente – de que numerase consecutivamente as cantigas; pero tería algún sentido supoñer que, previamente a establecer a ordenación actual<sup>37</sup> e corrixir o reclamo do fº36vº, ese fº <43> estivese temporalmente colocado antes do inicio da *pecia* que constitúe o actual caderno 11 de *B*? Iso explicaría, por unha parte, que o primeiro reclamo que escribiu fose o inicio de B384 (fº87rº de *B*, e <89> do antecedente), e, por outra, que fose nesa fase de dislocación de folios do modelo cando Colocci se decata de que os folios precedentes (dos que só comproba que o último é o <43>) están sen copiar en *V*. Naturalmente, non só somos conscientes da extrema fraxilidade desta hipótese senón tamén de que induciría a pensar que, dalgún xeito, Colocci contrastaba a un tempo o *Libro di portughesi* con *B* e con *V*<sup>38</sup>, e, nese caso, tería que ver que (de novo, se as nosas suposicións son correctas) no inicio do caderno 11 de *B* rexistrara, como orientación para os copistas, que a reproducción do orixinal debía comezar aí no folio <89>. De todos os modos, nada impide tampouco elucubrar que, cando advirte a lagoa inicial de *V*, non tiña diante *B*, senón o seu antígrafo, pero fraccionado e desordenado (por obra e gracia do copista *d*, que non lle restituíra o orixinal correctamente estruturado? porque estaba

37 Complicada, sen dúbida, pola necesaria dislocación dos folios 37 e 38, que estarían nalgún momento despois do fº110, posto que a cantiga de Afonso X, *Quen da guerra levou cavaleiros* (B496) comeza a ser copiada na col. b do verso dese folio, pero continúa na col. a (e ocupa tamén o inicio da b) do actual fº37rº, sempre pola man do copista *d*. O feito de que *V* non dea mostras de alteracións similares quererá dicir ou ben que (polo menos nesa zona) foi copiado antes de que se producise a desfeita ou que xa se recompuxera a orde inicial.

38 Así como parece indubidable que Colocci confrontou tanto *V* como, sobre todo, *B* co *Libro di portughesi*, non atopamos indicios claros de que establecese unha confrontación similar entre *B* e *V*.

desordenado – ou se desordenou cando foi repartido en *pecie* – o propio modelo?), de tal xeito que realmente o folio <43> estivese seguido do <89>; aínda así, tería tamén que ter visto este número no exemplar ...

En conclusión, o único dato seguro é que Colocci anotou<sup>39</sup> en V que faltaban 33 folios do modelo, cando en realidade faltan probablemente 89<sup>40</sup>: o fº1'rº de V recolle na marxe superior esquerda unha remisión <A fogli 90>, que encaixa á perfección co dato fornecido polo fº87'rº de B (<89>), habido conta de que este comeza con B384 e que V1 se corresponde con B391<sup>41</sup>. Esa lagoa coincide cos dez primeiros cadernos de B (e o primeiro folio do 11), que – descontando os folios que conteñen a fragmentaria *Arte de trobar* – reproducen sete *pecie* (cadernos 2 / 3 / 4-5 / 6-7 / 8 / 9 / 10) do modelo, encomendadas a diferentes mans, o que pudo provocar involuntarias dislocacións, non fáciles de corrixir se o número de folio dese modelo non sempre era claramente lexible e/ou interpretable (por roturas ou cortes, borróns ou manchas, xeito de trazar as cifras romanas, etc.)<sup>42</sup>. Coordinar o labor de traslado de dúas copias (simultáneas ou consecutivas) dun mesmo libro, sobre todo cando unha delas corre a cargo de seis mans diferentes que poden intervir (só cando están dispoñibles) case en calquera zona do cancioneiro<sup>43</sup>, non resulta doado; e, a pesar diso, hai que recoñecer que Colocci realizou

39 E non é improbable que o fixese despois de ordenar o contido de V, e mesmo de numerar os seus folios, o que debería levarnos a intentar axustar a cronoloxía relativa de todo o proceso de copia de ambos os dous apógrafos.

40 Ou tan só 79 se, realmente, a súa intención fose iniciar a copia no fº <11>, é dicir, xusto despois dos *Lais de Bretaña*.

41 Para os problemas de numeración (sobre todo nos primeiros folios de V), tanto en cifras romanas como en algarismos arábigos, remitimos a D'Heur (1974, p. 4-13), Tavani (2008, p. 311-313) e Brea / Lorenzo Gradián (*no prelo*).

42 Dos problemas relativos aos cadernos 6 a 10 de B ocúpanse Ferrari (1979, p. 102-110) e Barberini (2023b, p. 1101-1109). Este investigador considera que o sector abarcado polos fascículos 4 a 10 de B «*cbe, a prima vista sembrerebbe essere il più disordinato e incomprendibile dell'intero canzoniere [...] obbedisce in realtà a un pattern codicologico del tutto razionale e attuato da Colocci con assoluta coerenza*» (Barberini, 2023b, p. 1101).

43 Decimos “case” porque a man *a* non intervén máis que puntualmente ata o caderno 16, que debía de constituir unha única *pecia* cos cadernos 17 e 18, e non volve aparecer ata o caderno 29, que parece ser outra *pecia*, diferenciada da integrada a seguir polos cadernos 30-33, tamén da súa responsabilidade. Intervén novamente no último folio do fascículo 35, para transcribir logo os 36-38 e, finalmente, o 41. En realidade, a partir do caderno 24, o resto do código foi copiado polas mans *a* ou *e* (que antes se ocupara xa dos cadernos 9 e 10), con excepción dos fascículos 39 (man *d*) e 40 (man *c*). Pode verse en detalle todo o relativo ás mans en Ferrari (1979, 82-89).

un traballo máis que meritorio, no que parece inevitable que algunha que outra vez cometese algún erro (en boa parte dos casos, é posible que sexamos nós os que non saíbamos ver o que esconde algo que só é un erro aparente). Barberini chega a supoñer que

*È probabile quindi che Colocci abbia inizialmente programmato solo la serie compresa tra gli attuali quaderni 4 e 10, vuoi perché percepì che il settore alfonzino costituiva una sezione materialmente tormentata e, quindi, volle rifletterci con più calma, vuoi perché dovette fare i conti con l'effettiva forza lavoro a suo [sic] disposizione: non va dimenticato, infatti che i copisti assoldati per la copia di B non lavoravano alle esclusive dipendenze dell'umanista* (Barberini, 2023b, p. 1110).

De ser así, por qué é precisamente esa zona a que non chegou a ser copiada en V? Qué ocorreu con eses fascículos do *Libro di portughesi* e por qué só rexistra a ausencia de traslado dos tres primeiros? No caso de que chegasen a ser copiados e se perderan logo, o que resulta obvio é que Colocci non dispuña deles cando procedeu a organizar V e a numerar os seus folios.

Cabería pensar (segundo en parte a mesma liña argumental que Barberini) que o humanista, advertindo os diversos problemas que presentaban os primeiros fascículos (ou fascículos entremesturados con folios soltos?) do *exemplar* decidise encomendar ao amanuense de V que iniciase o seu traballo nunha zona que, en principio, aparentase estar mellor organizada? Podería ser no actual fº1'rº de V ou no 1rº. No primeiro grupo (os dez folios iniciais cos números riscados), a coincidencia con B é absoluta no relativo á secuencia textual<sup>44</sup>, e acontece o mesmo no folio seguinte (o fº2 de V correspón dese *grosso modo* con parte do fº97 de B, inicio do caderno 12 do apógrafo lisboeta<sup>45</sup>), pero a partir de aí detéctase unha primeira ausencia en V, pois faltan as composicións correspondentes a B446-450 (quizais un folio do modelo, que ocupa en B a col. b do fº97vº, todo o fº98 e a maior parte da col. a do fº99rº<sup>46</sup>).

44 Lémbrese que o fº1' de V vén corresponder, probablemente, co segundo folio do caderno 11 de B (fº87), e o fº1 co último do mesmo caderno (fº96 de B).

45 Un particular binión (para as súas características, cf. Ferrari 1979, p. 112).

46 Se é correcta a remisión ao folio <XCVIIJ> do antecedente que figura xunto ao íncipit de V55 (= B443), podería ser que quedase sen copiar (un despiste do copista?) o *verso* dese folio, ou ben o fº <100>. A seguinte vinculación co modelo vén dada polo rexistro <102> ao inicio do fascículo 13 de B (fº101, que comeza con B456, o que daría un total de 13 cantigas para tres folios do *Libro di portughesi*, un espazo no que poderían entrar unha media aproximada de entre 18 e 22). Ferrari (1979, p. 112) sinala que «*al centro*

O inicio do fº3rº contén só os tres versos da finda de V60 (= B453), e non parece casual que se deteña xustamente aí (V61 coincide xa con B478<sup>47</sup>, o que quere dicir que en V faltan 24 composicións presentes en B), pois o que segue é un texto de Garcia Mendez d'Eixo (B454) que semella elaborado en occitano<sup>48</sup> e unha cantiga de escarnio do conde Gonçalo Garcia (B455) con problemas de copia<sup>49</sup>, que vai seguida, no inicio da col. a do fº99vº, dunha *razo* – de man de Colocci – que di: «Esta cantiga de cima fez o conde don Gonçalo Garcia en cas don Rodrigo Sanchez, por ūa donzela que levaron a furto, que avia nome Codorniz, e o porteiro avia nome Fiiz». Onde estarían copiadas, no antígrafo, esas dúas pezas tan peculiares? No *verso* do fº <101> (que contería no *recto* composicións recollidas nos dous apógrafos)? Ou serían as únicas ocupantes lexibles dese fº <101>, que mesmo podería ser un folio solto ou estar deteriorado? Despois desta rúbrica, queda en branco o resto do fº99vº e todo o fº100, que, non obstante, recolle na marxe inferior dereita do *verso* outra debatida<sup>50</sup> anotación colocciana: «Rolo, outro rolo das cantigas que fez o mui nobre rei don Sancho de Portugal, e diz *Ai*,

*del fascicolo [12 de B], vicino a la cucitura, si nota la presenza di un rinforzo (inusuale in tale posizione) e tracce di colla: si ha l'impressione che siano stati asportati dei fogli?*». Qué contiñan eses folios? Foron arrincados porque estaban en branco? Iso podería ter que ver con que o fº <99> tivese parte en branco, que as pezas presentes en B e ausentes en V ocupasen o fº <100>, e que o <101> contivese as tres cantigas de amor de Vasco Perez Pardal (V58-80 = B451-453), así como B454 e B455 (das que nos ocupamos no texto, para contemplar outra opción diferente), posto que B456 representa – nun novo caderno de B – o principio da producción de Afonso X, non exenta de problemas de moitos tipos (*cf.* Ferrari, 1979, p. 112-113; Gonçalves, 1999; Barberini, 2023a).

47 Xa foron comentadas máis atrás as particularidades que ofrece esta cantiga.

48 Cf. Tavani (2002, p. 57-58) para os problemas que ofrece este texto. Antes del, Colocci fai unha chamada para indicar na marxe inferior da col. a que aí debería figurar unha rúbrica («esta cantiga foi feita a Roi de Espanha»), á que segue, nunha segunda liña, unha discutida anotación («\*a min falta rolo [espazo] con condado»; *cf.* Tavani, 1979, p. 412-415).

49 Está copiada na segunda metade da col. b do fº99rº, ten algúns problemas de lectura e a segunda estrofa figura repetida dúas veces.

50 Non podemos deternos aquí nos problemas de interpretación que leva asociados, aínda que non queremos deixar de chamar a atención sobre o feito de que en B hai toda unha serie de incisos similares relativos a «rolos» (todos eles, máis que probablemente, presentes no modelo – poida que con carácter marxinal – e referidos aos materiais empregados na compilación) transcritos polo copista e riscados – supónemos – por Colocci, mentres que este foi copiado precisamente por el, que, por algún motivo, considerou importante preservalo. Ademais, tanto á rúbrica do conde D. Gonçalo como a esta apostila presta atención especial en C (Vat. Lat. 3217, fº 301vº), polo que remitimos ao comentario que fai ao respecto Gonçalves (2016 [1976], p. 56).

*eu, coitada, como vivo». Logo doutro folio en branco (non numerado por Molteni), o fº101rº ábrese precisamente con *Ai, eu, coitada, como vivo* (B456), pero baixo unha rúbrica atributiva a «El rei don Afonso de Leon» e a indicación do folio <102> do antecedente. Este caderno 13 de *B* falta totalmente en *V* – que volve establecer correspondencia con *B* no que sería o fº <106> do *Libro di portughesi*, que dá inicio ao fascículo 14 do apógrafo lisboeta (fº107rº)<sup>51</sup> –, e esa carencia foi advertida claramente por Colocci coa observación *Desunt* que deixou na marxe superior esquerda do fº3vº de *V*<sup>52</sup>.*

Son moitas as incógnitas que quedan sen resolver<sup>53</sup>, pero non queremos rematar sen mencionar só outra que podería ter algúna vinculación co que vímos de comentar: por qué Colocci numerou os dez primeiros folios de *V* do 1 ao 10, os riscou e comezou de novo en 1 no seguinte a estes? Entregaríalle o copista primeiro o bloque que mantén a numeración consecutiva (é dicir, o que comeza coa finda de V48 – fº <98> do antecedente –), e só despois de que tivese numerados (total ou parcialmente) a partir de aí os folios lle fixo chegar os outros dez<sup>54</sup>? E, nese caso, por qué iniciou novamente a serie en 1 e logo a riscou? Parece que, ao confrontalo co orixinal, veu claro que o lugar que lles correspondía era ese, pero por qué procedeu dese modo<sup>55</sup>? Ou é que transcorreu un tempo entre o momento en que recibiu o bloque máis grande e, cando lle chegaron eses dez folios e comprobou que eran anteriores aos outros, non recordaba que xa tiña feita a numeración (custa

51 Para estes dous cadernos de *B* (13 e 14), cf. Ferrari (1979, p. 112-115) e Gonçalves (1999).

52 Supoñemos que fai referencia, de maneira particular, aos textos afonsinos que *B* recolle no caderno 13 (B456-478), pero queremos pensar que inclúe tamén os de García Méndez d'Eixo e o conde D. Gonçalo.

53 Empezando polo principio: por qué os folios 1', 2' (polas dúas caras) e 3'rº utilizan só a columna a para transcribir as composicións? Acaso pensaba aproveitar a segunda columna (como fai, por exemplo, nunha parte do Vat. lat. 4823) para tomar notas, ou mesmo para intentar dispoñer dunha tradución (*de verbo ad verbum*, como no Vat. lat. 4796) que lle permitise familiarizarse cunha lingua que, en principio, lle era descoñecida? Ou foi unha decisión particular do copista, que logo (por indicación de Colocci?) pasa xa a empregar as dúas columnas?

54 Téñase en conta que nin sequera corresponden a un fascículo completo de *B*, posto que o nº 11 comprende os folios 87 a 96, e os dez iniciais de *V* coinciden con este caderno só retirando del o bifolio externo (é dicir, os folios 87 e 96, que, por outra parte – segundo Ferrari (1979, p. 111) –, son folios «volanti»).

55 Acaso porque o amanuense de *V* tiña da súa man o material (todo, ou só os folios 44 a 89?) que faltaba por copiar e agardaba unha entrega que non chegou a producirse?

admitilo) e pensou que debía iniciala (e, ao unila ao resto, advertiu o erro e procedeu sen máis a riscar os números deses folios que pasaron a ser iniciais)? Desistira xa de chegar a dispoñer dunha copia feita para V dos primeiros 89 folios do *Libro di portughesi*? É posible que algunas destas interrogantes estean relacionadas coas condicións en que tivo acceso a ese cancionero galego-portugués e ata co desastre que supuxo o saqueo de Roma en 1527, pero de momento non temos propostas plausibles que contribúan a esclarecer ningún dos problemas que presentamos, polo que esta contribución remata como empezou, facendo preguntas para as que nos gustaría atopar respuestas asentadas.

Mercedes BREA  
Universidade de Santiago de  
Compostela

## BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Arbor Aldea, Mariña, 2010. «Lais de Bretaña galego-portugueses e tradición manuscrita: as relacións entre B e L», *Actes du XXV<sup>e</sup> Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, ed. M. Iliescu *et al.* (eds.), Berlín / Nova York, De Gruyter, vol. 6, p. 11-20.
- Barberini, Fabio, 2019. «Tra B portoghese e M provenzale (B, c. 1r)», *Cultura Neolatina* 79, p. 411-425.
- Barberini, Fabio, 2022. «Un richiamo in cerca d'autore e due fascicoli perduti (Colocci-Brancuti: fascicolo 9)», *Cultura Neolatina* 82, p. 25-51.
- Barberini, Fabio, 2023a. «Il fascicolo 5 del Canzoniere Colocci-Brancuti. Pai Soarez de Taveiros e Martin Soares», *Revista de Filología Románica* 40, p. 1-18.
- Barberini, Fabio, 2023b. «Su formazione e struttura del Colocci-Brancuti. Il punto sul *Libro di Portugesi*», *Perspectives de recherche en Linguistique et Philologie Romanes*, éd. D. Corbella / J. Dorta / R. Padrón, Estrasburgo, Société de Linguistique Romane, vol. 2, p. 1099-1112.
- Brea, Mercedes, 2022. «La numeración colocciana del antecedente en B y V», *Anuari de Filología. Antiqua et Mediaevalia* 12, p. 59-80.
- Brea, Mercedes, 2023. «Angelo Colocci y sus copias de un cancionero gallego-portugués», *Pervivencia y Literatura: documentos periféricos al texto literario*, ed. C. F. Blanco Valdés / E. Borsari, S. Millán de la Cogolla, Cilengua, p. 29-67.
- Brea, Mercedes / Lorenzo Gradín, Pilar, *no prelo*. «La matemática del manuscrito. Reflexiones sobre singulares vestigios numéricos en los apógrafos gallego-portugueses B y V».
- D'Heur, Jean-Marie, 1974. «Sur la tradition manuscrite des chansonniers galiciens-portugais. Contribution à la *Bibliographie générale et au Corpus des Troubadours*», *Arquivos do Centro Cultural Português* 8, p. 3-43.
- D'Heur, Jean-Marie, 1975. «L'Art de Trouver du Chansonnier Colocci-Brancuti. Édition et analyse», *Arquivos do Centro Cultural Português* 9, p. 321-398.
- Fernández Guiadanes, Antonio, 2012. «Da articulación textual nos teste-muños da lírica profana galego-portuguesa», *Revista de Cancioneros Impresos y Manuscritos* 1, p. 105-160.
- Fernández Guiadanes, Antonio, 2016. «Dúas notas sobre a transmisión manuscrita da lírica profana galego-portuguesa», *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*, ed. E. Corral / E. Fidalgo / P. Lorenzo Gradín, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, p. 369-375.

- Ferrari, Anna, 1979. «Formazione e struttura del Canzoniere Portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (cod. 10991: Colocci-Branuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (materiali e note problematiche)», *Arquivos do Centro Cultural Português* 14, p. 25-140.
- Ferrari, Anna, 1993. «*Lai*», *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, coord. G. Lanciani / G. Tavani, Lisboa, Caminho, p. 374-378.
- Gonçalves, Elsa, 1976. «La Tavola Colocciana *Autori portughesi*», *Arquivos do Centro Cultural Português* 10, p. 387-449 [reimpr. en Gonçalves, 2016, p. 5-87].
- Gonçalves, Elsa, 1983. «Compte rendu» [de Ferrari, 1979], *Romania* 104, p. 403-412 [reimpr. en Gonçalves, 2016, p. 89-98].
- Gonçalves, Elsa, 1984. «Quel da Ribera», *Cultura Neolatina* 44, p. 219-224 [reimpr. en Gonçalves, 2016, p. 100-104].
- Gonçalves, Elsa, 1986. «Pressupostos históricos e geográficos à critica textual no âmbito da lírica medieval galego-portuguesa. (1) *Quel da Ribera*. (2) A romaria de San Servando», *Critique textuelle portugaise. Actes du colloque, Paris, 20-24 octobre 1981*, ed. E. Asensio et al., París, Fondation Calouste Gulbenkian, p. 41-53 [reimpr. en Gonçalves, 2016, p. 99-109].
- Gonçalves, Elsa, 1993. «Colocci, Angelo», *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, coord. G. Lanciani / G. Tavani, Lisboa, Caminho, p. 163-166 [reimpr. en Gonçalves, 2016, p. 615-618].
- Gonçalves, Elsa, 1999. «Appunti di filologia materiale per un'edizione critica della poesia profana di Alfonso X», *Filologia Classica e Filologia Romanza: Esperienze ecdotiche a confronto. Atti del Convegno, Roma 25-27 maggio 1995*, ed. A. Ferrari, Spoleto, Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo, p. 411-427 [reimpr. en Gonçalves, 2016, p. 337-351].
- Gonçalves, Elsa, 2007. «Sobre a tradição manuscrita da lírica galego-portuguesa: conjecturas e contrariedades», *eHumanista. Journal of Iberian Studies* 8, p. 1-27 [reimpr. en Gonçalves, 2016, p. 499-531].
- Gonçalves, Elsa, 2016. *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*, ed. J. Dionísio / M. A. Ramos / H. Monteagudo, A Coruña, Real Academia Galega.
- Lorenzo Gradín, Pilar, 2008. «Colocci, los *Lais de Bretanha* y las rúbricas explicativas en *B y V*», *Angelo Colocci e gli studi romanzi*, ed. C. Bologna / M. Bernardi, Cidade do Vaticano, Biblioteca Apostólica Vaticana, p. 405-429.
- Marcenaro, Simone, 2016. «Il presunto *Livro das cantigas* di Don Pedro de Portugal, Conde de Barcelos», *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*, ed. E. Corral / E. Fidalgo / P. Lorenzo Gradín, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, p. 579-588.
- Monaci, Ernesto, 1875. *Il canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*, Halle, Niemeyer.

- Monteagudo, Henrique, 2020. «Para a análise grafemática da \*Recompilación tardía (\**Livro das cantigas*)», *Lírica galego-portuguesa. Lingua, sociolingüística e pragmática [= ArGaMed, vol. 1]*, ed. D. González, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, p. 157-194.
- Monteagudo, Henrique, 2023. «Organización e estrutura do antígrafo dos Cancioneiros da Biblioteca Nacional e da Biblioteca Vaticana», *Madrygal* 25, p. 161-180.
- Pellegrini, Silvio, 1929. «I *lais* portoghesi del codice vaticano 7182», *Archivium Romanicum* 12, p. 303-317.
- Tavani, Giuseppe, 1979. «A proposito della tradizione manoscritta della lirica galego-portoghese», *Medioevo Romanzo* 6, p. 372-418.
- Tavani, Giuseppe, 1999. *Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa. Introdução, edição crítica e fac-símile*, Lisboa, Colibri.
- Tavani, Giuseppe, 2002. *Tra Galiza e Provenza. Saggi sulla poesia medievale galego-portoghese*, Roma, Carocci.
- Tavani, Giuseppe, 2008. «Le postille di collazione nel Canzoniere Portoghese della Vaticana (Vat. Lat. 4803)», *Angelo Colocci e gli studi romanzi*, ed. C. Bologna / M. Bernardi, Cidade do Vaticano, Biblioteca Apostólica Vaticana, p. 307-314.